

Notas

(1) A cota mínima actualízase automaticamente segundo o decidido na Asemblea Xeral da Base Social. Previa notificación por correo electrónico.

(2) Por favor, envíanos o comprobante bancario para o noso coñecemento, á dirección de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia que se mostra no punto anterior o por correo-e a: info@galicia.isf.es

Extracto dos Estatutos de ESF Galicia: Dereitos e deberes das persoas socias

ARTIGO 31

As persoas socias terán os seguintes dereitos, con carácter non limitativo:

- Asistir ás Asembleas Xerais con voz e voto, desenvolvendo en as mesmas as actividades que lles corresponda, segundo os estatutos.
- Participar nas distintas comisións e nas actividades da Asociación.
- Ser elector e elixible para ocupar cargos directivos fóra do dito no artigo 32.
- Expresar libremente as súas opinións en relación cos asuntos que se discutan, así como formular propostas e peticións.
- Estar informado das actividades da Asociación, sempre que así o solicite á Xunta Directiva.
- Ser escoitada con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias con ela e a ser informada dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivada o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- A impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á lei ou aos Estatutos.

ARTIGO 32

As persoas socias de calquera índole que sexan persoas xurídicas ou institucións non poderán ser elixibles para os cargos directivos, tendo no demais iguais dereitos e deberes que o resto das socias, a través do representante que designen aos seus efectos.

As persoas físicas que queiran acceder ao cargo de Presidencia da Asociación deberán ter un tempo mínimo de permanencia na Asociación dun ano, coa excepción do Presidente que consta no Acta Fundacional.

ARTIGO 33

Son deberes das persoas socias:

- Someter os presentes Estatutos e os acordos que dentro do marco das súas respectivas competencias acorden os distintos órganos reitores.
- Satisfacer as cotas que se establezan.
- Secundar o cumprimento dos fins da Asociación e respectar a libre manifestación de pareceres.

Os estatutos completos poden ser solicitados por correo-e, ou descargados desde a páxina web.

Autorización tratamento datos:

De acordo co artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD) que regula o dereito de información na recollida de datos de carácter persoais, os datos obtidos directamente polo interesado ou por un terceiro, entrarán a formar parte de ficheiros parcialmente automatizados inscritos na Axencia Española de Protección de Datos titularidade de ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA, con CIF G36774271, a partir de agora Responsable do Ficheiro.

A finalidade dos devanditos ficheiros é Xestión de contactos con diversos titulares, xestións varias de: asociados / persoal voluntario / financiadores; control de traballos realizados, realización de orzamentos e facturas de servizos / produtos; cumprimento de obrigacións contables e fiscais; xestión laboral e outras xestións cos traballadores, xestión de eventos, xestión de arquivos multimedia.

Garántese a adopción de todas as medidas de seguridade que garanten a confidencialidade dos datos e están reguladas no RD 1720/2007 que regula a LOPD. Segundo autoriza a LOPD poderán cederse datos do ficheiro Voluntariado a encargados de tratamento e outros destinatarios de datos para o cumprimento das obrigacións contables e/ou fiscais do Responsable do ficheiro. Calquera outra cesión que non estea legalmente prevista deberá ser autorizada. Pódense exercitar os dereitos de Acceso, Rectificación, Cancelación e Oposición, a través dun escrito (achegando fotocopia do DNI) dirixido a ETSE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS, CAMPUS DE ELVIÑA S/n, 15071- A Coruña (A Coruña)

Otros tratamentos:

A xestión de imáxenes inclúe: a publicación / distribución de fotos, vídeos e outros arquivos multimedia en páxinas web, bloques, folletos publicitarios, notas ou reportaxes de prensa baixo a responsabilidade de ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA. A finalidade desta publicación / tratamento é a de PUBLICITAR as actividades/eventos da entidade, non comercial.

SE ACEPTA que a imaxe do titular sexa tratada co devanditos fins, marque a casilla.